



POLA INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA PROPOSTAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS GALICIA 2016



As eleccións autonómicas do 25 de setembro serán fundamentais para configurar un modelo social e económico en Galicia. A crise económica e o seu impacto sobre o mercado laboral, así como as medidas de austeridade, afectaron a grandes capas da poboación, pero a extensión da pobreza e a exclusión non pode invisibilizar as carencias e debilidades dunha comunidade, a xitana, afectada non só pola privación material, senón polo rexeitamento, a marxinación e discriminación que sofre, e que afecta a garantía dos dereitos máis fundamentais.

Segundo os datos máis recentes, a comunidade xitana, formada por unas 750.000 persoas en España, case 10.000 en Galicia, é un dos grupos de poboación que máis sofre o aumento da brecha da desigualdade:



3 de cada 4 persoas xitanas encóntranse en situación de exclusión social, 54% de las en exclusión severa, o que supón cinco veces máis que o resto da sociedade (9,5%), segundo o *Informe FOESSA 2014*.



Un 4% das familias xitanas seguen vivindo en chabolas e en entornos segregados (*Mapa sobre vivienda y comunidad gitana, 2007, Ministerio de Vivienda, FSG*).



O abandono escolar temperá da xuventude xitana sitúase no 63,7% fronte o 21,9% que presenta o conxunto da poboación en España (*El alumnado gitano en Secundaria: un estudio comparado, 2013, MECD, MSSSI, UNICEF, FSG*).



A poboación xitana asalariada supón un 37,6% fronte o 83,6% da poboación total en España (*Población gitana, empleo e inclusión social, 2011, FSG*).

AS NOSAS PROPOSTAS OS PARTIDOS POLÍTICOS PARA A PRÓXIMA LEGISLATURA EN GALICIA



Ante esta alarmante situación de desvantaxe social son imprescindibles medidas específicas que garantan a inclusión social das persoas xitanas. As desigualdades que sofren a poboación xitana en comparación os estándares do resto da poboación prodúcense nos ámbitos clave para a inclusión social e o exercicio pleno da cidadanía.

A prioridade está na educación, ferramenta clave para o cambio social, e a nosa principal demanda; pero xunto a iso, creemos que é tamén imprescindible abordar a situación da vivenda, o emprego e a discriminación. Polo tanto, pedimos os partidos políticos un firme compromiso na próxima lexislatura para:

1 **Reducir a desigualdade educativa** que afecta as nenas e nenos xitanos, marcando como obxectivo reducir a metade a taxa actual de abandono escolar temperá (do 63,7% o 32%).

3 **Incrementar a porcentaxe de poboación xitana asalariada hasta un 50%** e garantir o acceso da xuventude xitana os recursos dispoñibles para a promoción do Emprego Xove (Programa de Garantía Xuvenil).

2 **Erradicar o chabolismo e a segregación residencial** a través de plans de acceso a unha vivenda digna que contemplan medidas de acompañamento social.

4 **Promover a igualdade e a loita contra a discriminación**, poñendo en marcha medidas para a eliminación da Discriminación Racial ou Étnica.



A Fundación Secretariado Gitano (FSG) é unha entidade social intercultural, sen ánimo de lucro, que leva máis de trinta anos traballando pola promoción integral da comunidade xitana en todo o territorio español e no ámbito europeo. Conta actualmente con 55 centros de traballo en 14 Comunidades Autónomas, 5 deles atópanse en Galicia.

Ronda do Carne, 50 enchan C 27004 Lugo - Tel.: 982 265 422 - Fax: 982 265 823

www.gitanos.org/galicia

direcciongal@gitanos.org

Síguenos en:



Coa colaboración do:

